

## **Curtocircuíto clausura a súa vixésimo segunda edición coa entrega de premios**

- ***Quando a terra fogue*, de Frederico Lobo, gaña o premio Cosmos á mellor película; *Pupa*, de Antía Carreira gaña o Premio Supernova e *Furada negra*, de Berio Molina, o premio Planeta GZ**
- **O xurado novo premia o filme *Portales*, de Elena Duque**
- **A cineasta Lucile Hadžihalilović, recolle esta noite o Premio Especial Curtocircuíto Atlas**
- **Oliver Laxe, Kangding Ray ft. Adrián Canoura abarrotaron a praza de Quintana no live av de Sirāt Soundtrack**

---

Curtocircuíto - Festival Internacional de Cinema de Santiago de Compostela está organizado polo Concello de Santiago de Compostela (Compostela Cultura) co apoio, entre outros, da Deputación da Coruña e o ICAA.

---

**Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2025.-** O **Festival Internacional de Cinema Curtocircuíto** clausura a súa vixésimo segunda edición coa entrega de premios dos xurados. A gala, conducida por Nuno Pico (*Grande Amore, Oh Ayatollah*) pon fin a seis días de cinema, música, encontros e sesións especiais.

O evento contou coa presenza da alcaldesa do Concello de Santiago de Compostela, **Goretti Sanmartín**; a responsable da área de Cultura da Deputación da Coruña, **Natividade González**, a concelleira de Capital Cultural, **Míriam Louzao**; a concelleira de Xuventude, **María Rozas**; o director do festival, **Pela del Álamo**; así como representantes da corporación municipal e das entidades colaboradoras desta edición.

Os diferentes xurados oficiais de Curtocircuíto - Festival Internacional de Cinema decidiron outorgar os seguintes premios:

- **Premio Cosmos á mellor película:** *Quando a terra fogue*, de Frederico Lobo
- **Mención especial:** *The man who could not remain silent*, de Nebojša Slijepcevic
- **Premio Cosmos á película máis innovadora:** *Portales*, de Elena Duque

- **Premio Supernova:** *Pupa*, de Antía Carreira
- **Mención especial:** *Delirio Sketchs*, de Bea Saiáns
- **Premio Planeta GZ:** *Furada negra*, de Berio Molina
- **Premio do Xurado Novo:** *Portales*, de Elena Duque
- **Mención especial:** *El cuento de una noche de verano*, de María Herrera
- **Premio do Público (patrocinado por GADIS):** *El cuento de una noche de verano*, de María Herrera

Laia Abril, Brais Revaldería, Guillermo Galoe, Oliver Laxe e Kandging Ray foron os protagonistas das sesións especiais do festival. Martin Messier, Oliver Laxe, Kangding Ray, ou Amelie Duchow, ademais de talentos galegos como Carme López e Irene Sáenz conformaron o cartel de espectáculos audiovisuais como parte da corrente do festival de pontes e xerar diálogos entre son e cinema.

A praza da Quintana, Praterías, o Teatro Principal, o Auditorio de Galicia, NUMAX ou espazos naturais como o Xardín das Pedras que Falan foron sede dunha programación que combinou cinema internacional, creación galega, espectáculos audiovisuais en directo e encontros co público. O cambio de modelo do festival e a aposta por sacar a programación ao espazo público da cidade como escenario creativo e devolver o cinema ás prazas da cidade foi recibido por unha ampla acollida do público, que encheu as sesións da programación. Sesións como o live av de Oliver Laxe, Kangding Ray ft. Adrián Canoura deixaron a súa pegada deixaron a súa pegada, cun espectáculo irrepertible que converteu a cidade nun escenario sensorial único e que será lembrado como un dos momentos máis emblemáticos desta edición de Curtocircuíto.

---

## INFORMACIÓN PARA PRENSA

**Dispoñible para entrevistas:** Pela del Álamo, director artístico de Curtocircuíto

[Descarga de imaxes, carteis e outros materiais](#)

Comunicación: Sandra Carnota | +34 690 35 13 28 | [prensa@curtocircuito.org](mailto:prensa@curtocircuito.org)

COMPOSTELA CULTURA

Comunicación: Silvia Roca Auditorio de Galicia: +34 981 552 290 | 34 618 948 576  
[comunicacion@auditoriodegalicia.org](mailto:comunicacion@auditoriodegalicia.org)

**Curtocircuíto - Festival Internacional de Cinema. 22ª Edición**

Santiago de Compostela

1 - 6 xullo 2025

Organiza: Concellaría de Capital Cultural, Turismo, Educación e Memoria Histórica,  
Concello de Santiago de Compostela.

Dirección artística: Pela del Álamo.

[www.curtocircuito.org](http://www.curtocircuito.org)

**Redes sociais:**

IG @curtocircuito\_festival | TW @FCurtocircuito | FB @festival.curtocircuito

#curtocircuito2025

Newsletter (coñece as novidades de Curtocircuíto antes que ninguén):

<https://cutt.ly/awaFlyvI>